

**CONCELLO
DE VIGO**



TORNEO DE NADAL CONCELLO DE VIGO 2016

Días: 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2016.

Categorías: Prebenxamín, Benxamín, Alevín e Infantil.

Campos fase previa: O Meixoeiro, A Guía, A Pirucha (San Miguel de Oia), A Bouza (Coia), Penedo da Moo (Matamá), As Relfas (Sárdoma), Cotogrande, Candeán, Armando Cajaraville (Samil) e Pahiño (Navia).

Campos fase final: Cotogrande, Armando Cajaraville (Samil) e Pahiño (Navia).



ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO



NORMATIVA DO TORNEO - 2016

NORMATIVA XERAL:

- O presente torneo rexerese pola normativa de FÚTBOL 8 e de FÚTBOL 11 da Federación Galega de Fútbol (segundo a categoría que sexa como se exporá mais adiante), excepto para as normas que a continuación aquí se indican.
- O torneo será dirixido por árbitros federados da Delegación de Árbitros de Vigo.
- O COMITÉ DE COMPETICIÓN DO TORNEO resolverá calquera circunstancia que no mesmo de produza, sendo os seus fallos inapelables, non podendo dar opción a recurso algún.

HORARIOS:

- É obriga de cada equipo atoparse cos seus xogadores e persoal técnico nos campos de competición con 15 minutos de adianto á hora prevista do inicio de cada encontro en que vaian a participar.
- O retraso máximo permitido por unha circunstancia de forza maior é de CINCO minutos, pasados os cáles darase como gañador o equipo que tivese comparecido no terreo de xogo.
- O horario dos partidos por normal xeral será de 16:00 horas ata as 21:00 horas. A fase final será o venres 30 de decembro dende as 10:00 ata as 18:30 horas.





SEGUROS E RESPONSABILIDADE CIVIL:

- Será obriga de cada Club dispor dun seguro para cubrir calquera responsabilidade por lesión ou accidente dos seus xogadores ou técnicos durante o traslado ós campos de fútbol, ida ou volta ou en calquera accidente producido nas instalacións deportivas e estando así mesmo, dentro ou fora das circunstancias do xogo. A tal efecto, os responsables dos equipos asinarán un documento antes do comezo do torneo que garante á organización do mesmo que tódolos seus xogadores participantes están asegurados contra lesións ou accidentes polo seu Club. Non se permite a participación de xogadores sen licenza federativa neste torneo.

VESTIARIOS E TERREO DE XOGO:

- Para un mais áxil desenrolo da organización do torneo, PREGAMOS aos DELEGADOS e ADESTRADORES, COMUNIQUEN AOS PAIS DOS XOGADORES QUE EVITEN O ACCESO DOS MESMOS TANTO AO TERREO DE XOGO COMO AOS VESTIARIOS.

INSCRIPCIÓN DE XOGADORES:

- Cada equipo poderá inscribir un máximo de 14 xogadores para FÚTBOL-8 de 18 xogadores para FÚTBOL-11, que deberán acreditar a súa idade mediante as correspondentes LICENZAS FEDERATIVAS da Federación Galega de Fútbol.
- Ditas licenzas documentos deberán estar ao dispor da organización do torneo en cada encontro que o equipo vaia a disputar; a non observancia da presente norma dará lugar,





EN CASO DE RECLAMACIÓN, á PERDADOS TRES PUNTOS EN XOGO polo resultado de 3 – 0.

- O delegado de cada equipo deberá cumprimentar e firmar a ficha que a organización adxunta coa presente e onde faranse constar os datos dos xogadores/as, así como o nome, apelidos , D.N.I e teléfonos para casos de emerxencia, e do delegado e adestrador responsábeis.
- Un xogador de categoría inferior poderá participar nunha superior, sempre que esté inscrito UNICAMENTE no listado de inscrición de esta última.
- **IDADES:** PREBENXAMINS: Nados en 2009 e 2010; BENXAMINS: Nados en 2007 e 2008; ALEVINS: Nados en 2005 e 2006; INFANTÍS: Nados en 2003 e 2004.

MODALIDADE E TEMPOS DE XOGO:

- Para as categorías Prebenxamín, Benxamín e Alevín a modalidade de xogo será a de FÚTBOL-8.
- Para Infantil será modalidade FÚTBOL-11.
- Consideracións sobre as categorías Benxamín e Prebenxamín: Os partidos durarán 40 minutos repartidos en catro tempos de 10 minutos. Entre cada tempo haberá un descanso de 1 minuto no que se farán os cambios de xogadores. Durante a duración de cada tempo non se pode realizar ningún cambio agás por lesións. O cambio de campo farase transcorridos os dous primeiros tempos (ós 20 minutos).





- Tempos de xogo na Fase Previa:
 - PRE-BENXAMÍN: Partidos de 40 minutos distribuídos en 4 tempos de 10 minutos cada tempo.
 - BENXAMÍN: Partidos de 40 minutos distribuídos en 4 tempos de 10 minutos cada tempo.
 - ALEVÍN: Partido de 2 partes de 20 minutos a tempo corrido con descanso de 1 minuto para o cambio de campo.
 - INFANTIL: Partido de 2 partes de 20 minutos a tempo corrido con descanso de 1 minuto para o cambio de campo.
- Tempos de xogo na Fase Final:
 - PREBENXAMÍN: Partidos de 40 minutos distribuídos en 4 tempos de 10 minutos cada tempo.
 - BENXAMÍN: Partidos de 40 minutos distribuídos en 4 tempos de 10 minutos cada tempo.
 - ALEVÍN: Partido eliminatorio de 2 partes a 20 minutos, con 1 minuto de descanso para cambio de campo.
 - INFANTIL: Partido eliminatorio de 2 partes a 20 minutos, con 1 minuto de descanso para cambio de campo.

CLASIFICACIÓN E FASES:

- PRIMERA FASE: Será disputada por tódolos equipos participantes que xogarán una liguiña cos equipos do grupo que lles corresponda.





- FASE FINAL: Disputarán esta fase os equipos clasificados en 1º lugar respectivamente en cada un dos seus respectivos grupos. Eliminatorias a 2 partes de 20 minutos cada unha en tódalas categorías, mantendo os descansos e normas para Prebenxamín e Benxamín.
- As finais das categorías Prebenxamín, Benxamín e Infantil, disputaránse o venres, día 30 de decembro, ao mesmo tempo que a fase autonómica Alevín.

FASE AUTONÓMICA ALEVÍN:

- **O equipo que resulte campión da fase final da categoría ALEVÍN**, obterá praza para participar no **TORNEO DE NADAL AUTONÓMICO DE ALEVINS CONCELLO DE VIGO**, que se celebrará o día **30 de decembro**, e no cal participarán ademais como equipos invitados: **R.C. CELTA** de Vigo, **R.C. DEPORTIVO** da Coruña, **C.D. LUGO**, **C.D. PABELLÓN OURENSE** e **C.D. CONXO**, de Santiago.

EMPATE A PUNTOS:

- En caso de empate a puntos entre os dous ou mais equipos o finalizar a PRIMEIRA FASE deberá contemplarse para a súa clasificación o seguinte:
 - 1º Gol average particular entre ámbolos dous.
 - 2º Diferenza de goles a favor e en contra.
 - 3º Maior nº de goles a favor.





4º Menor nº de goles en contra.

5º Equipo coa menor media de idade.

SISTEMAS DE PUNTUACIÓN:

Para as categorías **Alevín e Infantil:**

- Partido gañado: 3 puntos.
- Partido empatado: 1 punto.

Para as categorías **Prebenxamíns e Benxamíns:**

- **Tempo** gañado: 2 puntos.
- **Tempo** empatado: 1 punto.

INCIDENCIAS NON CONTEMPLADAS NAS ANTERIORES NORMAS:

- Calquera incidencia non contemplada nestas normas será resolta polo Comité de Competición do Torneo, e as súas resolucións ou fallos serán inapelables e non poderán dar lugar a recurso algún posterior.

ENTREGA DE TROFEOS E AGASALLOS:

- Entregaránse o día 30 de decembro ás 18:00 horas no campo Municipal PAHIÑO DE NAVIA. É obrigatoria a asistencia de TÓDOLOS XOGADORES PARTICIPANTES E OS SEUS TÉCNICOS, para poder recoller os trofeos e agasallos.

